

XEFACTURA

XERENCIA MUNICIPAL DE
URBANISMO

CONCELLO
DE VIGO



ORDE DE SERVIZO Nº 1/2025 RELATIVA Ó CRITERIO A APLICAR NAS SOLICITUDES DE ALINEACIÓNS FORMULADAS CON ANTERIORIDADE A ENTRADA EN VIGOR DO PXOM APROBADO DEFINITIVAMENTE POLO PLENO DA CORPORACIÓN EN SESIÓN DE 26 DE MAIO DE 2025

Co obxecto de determinar os criterios para la emisión de actas de liña e rasante solicitadas por particulares unha vez aprobado definitivamente o PXOM en sesión de 26 de maio e sen que devandito plan entrase en vigor, formúlase esta Orden de Servizo a fin de cumprir cos principios de eficacia, servizo efectivo aos cidadanos e eficiencia a que vén sometida a administración pública (artigo 3 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Régimen Xurídico do Sector Público) e en especial á administración local (artigo 2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réximen Local) vén a formularse a presente orden de servizo.

Aínda que é certo que ata a entrada en vigor do plan xeral recentemente aprobado non poden alcanzar eficacia os actos administrativos que se realicen ao seu amparo, é tamén certo que nada impide en dereito que se dite un acto cuxa eficacia quede demorada á entrada en vigor do plan xeral xa definitivamente aprobado. O propio artigo 39.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas recolle o suposto da demora da eficacia dos actos administrativos, entre outros supostos, a cando, como neste caso, así o esixa o contido do acto.

Non parece moi adecuado á obrigaón de eficacia na prestación dos servizos públicos competencia da Xerencia, subscribir actas de liña cun plan chamado á súa inmediata perda de vixencia legal por aprobación de novo plan, salvo determinación expresa do solicitante.

Por iso, tampouco parece aterse aos principios xa aludidos que, no caso do que o solicitante non determine o plan xeral en base ao que a solicita, requíraselle para dita determinación e, unha vez explicitada a súa vontade de que se realice conforme ao plan xeral definitivamente aprobado e aínda ineficaz, outórguese en base ao mesmo facendo explícita a súa eficacia condicionada á entrada en vigor da revisión do PXOM aprobado definitivamente polo pleno da Corporación en sesión do 26 de maio de 2025.

Por todo o enriba exposto, e no exercizo das competencias que atribúe o artigo 6 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e o artigo 12.1 dos Estatutos da Xerencia, formúlase a seguinte

ORDE DE SERVIZO

Ata entrada en vigor do PXOM de 2025:

XEFACTURA

XERENCIA MUNICIPAL DE
URBANISMO

CONCELLO
DE VIGO



PRIMEIRO.- As actas de liña e rasante realizaranse en base ao planeamento xeral vixente no momento da solicitude si así se solicita expresamente polo peticionario.

SEGUNDO.- As actas de liña e rasante nas que non se especifique expresamente o planeamento en base ao que se solicita, deberá requirirse o solicitante para que determine o planeamento de referencia.

TERCEIRO.- Se o solicitante explicitamente interesa a súa realización en base ao PXOM aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación en sesión do 26 de maio de 2025, realízanse conforme ao mesmo, advertindo na acta que “a aliñación será eficaz unha vez entre en vigor o PXOM aprobado definitivamente polo Pleno Corporativo en sesión do 26 de maio de 2025”.-

Vigo, na data da sinatura dixital

O XERENTE
Carlos Hernández Figueruelo